



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2023**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día dez de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.S.deG-PSOE:**

Jonathan I. Miranda Lucas
Alberto Iglesias Fraguela
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

GRUPO PP:

José Luís Pérez Pérez

GRUPO MIXTO:

Carlos Castro Durán

AUSENTES:

M^a del Rocío Castro Luaces
Ana M^a López Fernández
Ana I. Fachal Fraguela
Iria Rubido Pardo

SECRETARIA

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA :

Ausente

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 02/12/2022 E 19/12/2022

2°.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 530/2022, DE 25/11/2022 ATA O 28/2023, DE 26/01/2023.

3°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO POS + 2023.



4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO POS + ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DA CAFETERÍA DO MERCADO (EXPDTE 2023/U028/000002).

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2023 (EXPDTE 2023/T002/000001)

7º.-MOCIÓNS

8º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE ANA ISABEL FACHAL FRAGUELA (EXPDTE 2023/X998/000009).

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 02/12/2022 E 19/12/2022

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 02/12/2022 e 19/12/2022 enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

José Luis Pérez comenta que con respecto á sesión do día 02/12/2022 non se contempla na acta a intervención da portavoz do Partido Popular, en relación coas manifestacións sobre o tema da auga. A Secretaria fai constar que Ana Mª López Fernández, con respecto a ese tema, adhiereuse ao manifestado polo representante do Grupo Mixto, e que iso foi o que se fixo constar na acta.

Sometida a votación a acta do día 02/12/2022, apróbase por unanimidade dos membros presentes na sesión coas abstencións de Jonathan I. Miranda Lucas e José Luís Pérez Pérez, por non asistir á mesma.

Sometida a votación a acta do día 19/12/2022, apróbase por unanimidade dos membros presentes na sesión coa abstención de José Luís Pérez Pérez, por non asistir á mesma.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 530/2022, DE 25/11/2022 ATA O 28/2023, DE 26/01/2023.

O Pleno corporativo queda enterado dos Decretos de Alcaldía de referencia.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO POS + 2023.

Visto o ditame da C.I de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento local e Turismo de data 07/02/2023:



Vista a convocatoria do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2023, a Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo, por catro votos a favor do Grupo municipal do PsdGa, e do Grupo Mixto emite o seguinte **DITAME**:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	149.025,54 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	149.025,54 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2023					

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €	
Subtotal investimentos achega provincial 2022	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

4 Resumo:	Concello			
POS+ 2023 RESUMO DE			IVE	

FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	149.025,54 €				149.025,54 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	149.025,54 €				149.025,54 €
	Achega 2022	70.947,09 €				70.947,09 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	219.972,63 €				219.972,63 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por



	abastecemento auga potable con IVE deducible)	abastecemento auga potable con IVE deducible)	actuacións de abastecemento con IVE deducible)
EXECUCIÓN DE CERRAMENTO E GRADAS NA PISTA POLIDEPORTIVA MUNICIPAL	96.955,73 €	0	96.955,73 €
TOTAIS	96.955,73 €	0	96.955,73 €



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde explica que como xa se falou nas Comisións Informativas, a través do POS faise un reparto equitativo en función de determinados criterios aplicables pola Deputación como o número de habitantes, esforzo fiscal, etc..., e que a partir de ahí se reparten os fondos de forma igualitaria para os Concellos.

Engade que a achega provincial para o financiamento de gastos correntes é de 149.025,54 euros, e que despois se inclúe no Plan principal a obra de renovación de pavimentos nas rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola con un orzamento de 70.947,09 euros, e como obra dentro do Plan complementario a relativa á execución de cerramento e gradas na pista polideportiva municipal por importe de 96.955,73 euros.

Explica o Alcalde que xa se fixo unha primeira intervención na rúa Río Miño, na súa parte alta, e que agora se vai a actuar facendo beirarrúas, que enganchan co proxecto que se vai a licitar da Casa da Cultura, xa que se está a urbanizar todo ese barrio. Di que despois se actuará sobre as rúas Río Sor e Sanchola, xa que non está rematado o saneamento ata o final.

Por outro lado fala da obra do Plan complementario, a correspondente á execución de cerramento e gradas na pista polideportiva municipal, xa que a Deputación obriga a cubrir o 25% mínimo do investimento total.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que



se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	149.025,54 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	149.025,54
	€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					
ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento
		Achega	IVE	Total	



		municipal	soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Concello	total
RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

4 Resumo:	Concello				
	Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO					

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	149.025,54 €				149.025,54 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022	70.947,09 €	0	0	0	70.947,09 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
	Préstamo 2022					
D- TOTAL	Achega 2023	149.025,54 €				149.025,54 €
	Achega 2022	70.947,09 €				70.947,09 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	219.972,63 €				219.972,63 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

	(A)	(B)	(C= A-B)
Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
(mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
EXECUCIÓN DE CERRAMENTO E GRADAS NA PISTA POLIDEPORTIVA MUNICIPAL	96.955,73 €	0	96.955,73 €



TOTAIS	96.955,73 €	0	96.955,73 €
---------------	-------------	---	-------------



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO POS + ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS.

Visto o ditame da C.I de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento local e Turismo de data 07/02/2023:

Vista a convocatoria do POS+ ADICIONAL 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

A Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo, por catro votos a favor do Grupo municipal do PsdGa, e do Grupo Mixto emite o seguinte **DITAME:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2023”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2023

43.465,78 €

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

43.465,78 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	530.000 €	370.000 €	160.000 €
TOTAL	530.000 €	370.000 €	160.000 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde explica que dende a pandemia do Covid que se establece unha partida pola Deputación provincial para gastos sociais extraordinarios, destinados a Servizos sociais, e neste caso o importe é de 43.465,78 euros, para reforzar o servizo de axuda a domicilio, xa que resulta necesario debido ao incremento do prezo/hora do servizo.

O portavoz do Grupo Mixto pregunta se eses 43.465,78 euros entran dentro da estimación de ingresos, ao que o Alcalde resposta negativamente, dicindo que é para alixerar a carga dos Concellos.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2023”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2023

43.465,78 €

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

43.465,78 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	530.000 €	370.000 €	160.000 €
TOTAL	530.000 €	370.000 €	160.000 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DA CAFETERÍA DO MERCADO (EXPDTE 2023/U028/000002).

Visto o ditame da C.I de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento local e Turismo de data 07/02/2023:

En data 2 de febreiro de 2023, José Vicente Montero Pardo, con DNI 36.640.670-J, titular da concesión da cafetería do mercado municipal, outorgada mediante acordo plenario de data 27/03/2015, presenta no rexistro xeral do Concello solicitud de transmisión do meritado posto a favor da sociedade civil “ Cafetín Pita Prieto” con CIF J-44582070. A solicitud está asinada por ámbolos dous interesados.



Considerando o disposto no artigo 7 dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, que establece que “en atención a que a adxudicación non se fai tendo en conta circunstancia persoal algunha, o adxudicatario poderá traspasar o seu dereito, previa autorización do Concello, para o cal deberá levar polo menos a 5ª parte do prazo, o que neste caso supón un total de 3 anos na explotación da actividade; (...) a autorización estará supeditada na súa vixencia, o ingreso por parte do concesionario do valor da mesma nas arcas municipais e non se poderá tomar posesión das instalacións polo novo titular, ata que se materialice o ingreso e se preste a nova fianza. No suposto de cesión, a actividade deberá prestarse sen solución de continuidade, estando obrigado o titular da adxudicación a ter aberta a instalación ata que o novo cedente se faga cargo do mesmo. O prazo da adxudicación finalizará, en todo caso, cando transcorran os quince anos establecidos a contar dende a firma do contrato do primitivo adxudicatario”.

Acreditado pola recadación municipal (informe de 02/02/2023) que o cedente liquidou todas as débedas pendentes co Concello de Cariño; e que leva máis de tres anos coa explotación da actividade, concretamente dende o 27/03/2015.

Visto que o cesionario aporta declaración responsable de non estar incurso en prohibicións de contratar coa Administración pública, certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento coas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Cariño, presenta documentación acreditativa da solvencia, documento de alta en actividades económicas, escritura constitutiva da sociedade civil, certificado de manipulador de alimentos e resgardo acreditativo do depósito da fianza por importe de 2.272,05 euros.

Visto o informe de secretaría de data 03/02/2023 obrante no expediente.

En base ao anteriormente exposto, á Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo, por catro votos a favor do Grupo municipal do PsdGa, e do Grupo Mixto emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Autorizar a favor de CAFETIN PITA PRIETO SC, con CIF J-44582070 (e na súa representación Mª Victoria Prieto Tojeiro con DNI 32647109-N) a cesión do contrato administrativo especial, mediante a actividade comercial de cafetería, no edificio do mercado municipal, da que actual titular José Vicente Montero Pardo con DNI 32.640.670-J, e que o cedente e o cesionario formalizarán en escritura pública ou documento administrativo de cesión, tal e como esixe o artigo 7 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación da concesión da cafetería do mercado do Concello de Cariño. A partir dese momento o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente. A escritura pública ou documento administrativo de cesión deberá presentarse no rexistro xeral do Concello no prazo de dez días hábiles, dende a notificación da correspondente cesión.

SEGUNDO: De conformidade co disposto na cláusula 5ª do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso, con procedemento aberto, da concesión da cafetería do mercado de Cariño, o contrato terá unha duración máxima de quince anos, prorrogables ata un máximo de 75 anos. Non obstante, ao tratarse dunha cesión de contrato, deberá descontarse do período de 15 anos o prazo durante o que o cedente levou a cabo a explotación da actividade, isto é dende o 27/03/2015 ata o presente acordo plenario, e tendo en conta que o contrato administrativo foi prorrogado mediante Decreto Alcaldía 17/2023, de 19/01/2023 (a computar dende o vindeiro 24/05/2023) por un período máximo de 15 anos.



TERCEIRO: Aprobar a liquidación do prezo anual da concesión por importe de 5.049 euros. Esta cantidade xirarase con carácter trimestral por parte deste Concello.

CUARTO: Autorizar a devolución da fianza por importe de 2.272,05 euros a favor de José Vicente Montero Pardo, con DNI 36.640.670-J.

QUINTO: Unha vez aprobada a cesión, o cesionario subrogarase en todos os dereitos e obrigas do adxudicatario, en concreto:

-Xestionará as instalacións obxecto do contrato directamente e pola súa conta e risco.

-Estará obrigado a efectuar as operacións necesarias para manter as instalacións ata a súa reversión ao Concello, debendo concertar o seguro convinte.

-Serán de conta do adxudicatario a obtención e vixencia, en todo momento, das licenzas e autorizacións administrativas necesarias para a explotación da actividade ou actividades, así como o cumprimento da lexislación vixente que con arranxo á actividade elle poida ser aplicable.

-O exercicio da actividade axustarase ás características do emprazamento, sen que en ningún momento poida supoñer detrimento da estética do conxunto do recinto. O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, podendo emitir en todo momento as instrucións oportunas.

SEXTO: O adxudicatario obrigarase ao cumprimento con carácter xeral do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso, con procedemento aberto, da concesión da cafetería do mercado de Cariño.

O Alcalde comenta que se levou a cabo un procedemento de cesión, a solicitude dos interesados. Explica que se trata de concesións de quince anos prorrogables ata os 75 anos, a contar dende a primeira. Que neste caso que se aprobou unha prórroga fai pouco, e que agora o titular, por problemas de saúde, pretende traspasar o negocio.

O portavoz do Grupo Mixto comenta que no expediente hai un informe de Secretaría que indica que se axusta a lei, polo que non ten nada que engadir.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO: Autorizar a favor de CAFETIN PITA PRIETO SC, con CIF J-44582070 (e na súa representación M^a Victoria Prieto Tojeiro con DNI 32647109-N) a cesión do contrato administrativo especial, mediante a actividade comercial de cafetería, no edificio do mercado municipal, da que actual titular José Vicente Montero Pardo con DNI 32.640.670-J, e que o cedente e o cesionario formalizarán en escritura pública ou documento administrativo de cesión, tal e como esixe o artigo 7 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación da concesión da cafetería do mercado do Concello de Cariño. A partir dese momento o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente. A escritura pública ou documento administrativo de cesión deberá presentarse no rexistro xeral do Concello no prazo de dez días hábiles, dende a notificación da correspondente cesión.

SEGUNDO: De conformidade co disposto na cláusula 5^a do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso, con procedemento aberto, da concesión da cafetería do mercado de



Cariño, o contrato terá unha duración máxima de quince anos, prorrogables ata un máximo de 75 anos. Non obstante, ao tratarse dunha cesión de contrato, deberáse descontar do período de 15 anos o prazo durante o que o cedente levou a cabo a explotación da actividade, isto é dende o 27/03/2015 ata o presente acordo plenario, e tendo en conta que o contrato administrativo foi prorrogado mediante Decreto Alcaldía 17/2023, de 19/01/2023 (a computar dende o vindeiro 24/05/2023) por un período máximo de 15 anos.

TERCEIRO: Aprobar a liquidación do prezo anual da concesión por importe de 5.049 euros. Esta cantidade xirarase con carácter trimestral por parte deste Concello.

CUARTO: Autorizar a devolución da fianza por importe de 2.272,05 euros a favor de José Vicente Montero Pardo, con DNI 36.640.670-J.

QUINTO: Unha vez aprobada a cesión, o cesionario subrogarase en todos os dereitos e obrigas do adxudicatario, en concreto:

-Xestionará as instalacións obxecto do contrato directamente e pola súa conta e risco.

-Estará obrigado a efectuar as operacións necesarias para manter as instalacións ata a súa reversión ao Concello, debendo concertar o seguro convinte.

-Serán de conta do adxudicatario a obtención e vixencia, en todo momento, das licenzas e autorizacións administrativas necesarias para a explotación da actividade ou actividades, así como o cumprimento da lexislación vixente que con arranxo á actividade elle poida ser aplicable.

-O exercicio da actividade axustarase ás características do emprazamento, sen que en ningún momento poida supoñer detrimento da estética do conxunto do recinto. O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, podendo emitir en todo momento as instrucións oportunas.

SEXTO: O adxudicatario obrigarase ao cumprimento con carácter xeral do establecido no Prego de de cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso, con procedemento aberto, da concesión da cafetería do mercado de Cariño.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2023 (EXPDTE 2023/T002/000001)

Visto o ditame da C.I de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento local e Turismo de data 07/02/2023:

A modificación de crédito que é preciso tramitar é unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, para dotar de crédito suficiente as partidas especificadas a continuación, que posibiliten a tramitación dos expedientes de gasto necesarios.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 02/02/2023, o Informe da Intervención municipal de data 02/02/2023 que consta no expediente e tendo en conta o disposto no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 e 40 do RD 500/1990, de 20 de abril, a Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo, por catro votos a favor do Grupo municipal do PsdGa, e do Grupo Mixto emite o seguinte **DITAME:**

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 2/2023 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 146.000 euros de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CREDITO	C O N C E P T O	IMPORTE
132,12003	Seguridad y orden público. Básicas	12000
132,12006	Seguridad y orden público. Trienios	1900
132,12009	Seguridad y orden público. Otras retribuciones básicas	8000
132,12100	Seguridad y orden público. Complemento destino	4500
132,12101	Seguridad y orden público. Complemento específico	5500
132,15000	Seguridad y orden público. Complemento productividad	2100
132,16000	Seguridad y orden público. Seguridad Social	5000
231.13000	Asistencia Social Primaria. Básicas	27000
231,16000	Asistencia Social Primaria. Seguridad Social	10000
231,13100	Asistencia Social Primaria. Básicas laboral temporal	20000
920,12000	Administración general. Básicas	27000
920,16000	Administración xeral. Seguridad Social.	13000
920,12100	Administración xeral. Complemento destino	5000
920,12101	Administración xeral. Complemento específico.	5000
	TOTAL.....	
 146.000	
PARTIDAS QUE RECIBEN CREDITO	C O N C E P T O	IMPORTE
161,61900	Abastecimiento domiciliario de auga. Inversión en reposición de infraestructuras	146000
	TOTAL.....	
146.000	

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.



TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

O Alcalde explica que se contratou a unha empresa para atallar o problema que está a existir coa auga potable, e que ésta realizou un estudo para correxir as deficiencias que require unha inversión por importe de case 100.000 euros máis IVE, e que para iso se fixo unha modificación de crédito por importe de 146.000 euros, co obxecto de que se cubra algo máis, por se hai que cubrir os gastos xerais e o beneficio industrial na parte da obra, aínda que a maioría será subministro.

Comenta que os cartos saen do capítulo I de prazas de persoais que a día de hoxe están vacantes.

Carlos Castro lamenta que isto xa non se fixera fai anos e desexa que non volva a acontecer, e que sobre todo resulta necesario incluír este tipo de inversións que se van deteriorando co tempo, e considera imprescindible que isto o manteñan os vindeiros gobernos.

O Alcalde comparte a opinión do voceiro do Grupo Mixto. Engade que cando existe un problema concreto, como neste caso o níquel, que hai que mellorar os sustratos específicos para o níquel e mellorar tamén o resto de filtros que existen. Que cando máis achegados estiveron a controlar a situación da auga, que estiveron a 21 unidades, cando o límite era 20, polo que o filtro xenérico facía unha redución bastante interesante, pero que o que mudou o comportamento que foi o cauce. Que se trata de unha solución a medio/longo prazo, que vai facer que o río funcione con normalidade.

Carlos Castro cre que hai que adiantarse a este tipo de cousas.

O Alcalde di que se trata de un problema que pode repetirse, e que ahí que traballar como se o problema estivera para quedarse.

José Luís Pérez comenta que o problema está para quedarse, xa que esta zona é rica en níquel segundo os técnicos e que hai que prever e non deixar que volva a acontecer.

Jonathan Miranda di que este é o primeiro paso para adaptar a maquinaria ás novas circunstancias actuais e que hai que estar pendente do tema.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 2/2023 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 146.000 euros de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CREDITO	CONCEPTO	IMPORTE
132,12003	Seguridad y orden público. Básicas	12000
132,12006	Seguridad y orden público. Trienios	1900

132,12009	Seguridad y orden público. Otras retribuciones básicas	8000
132,12100	Seguridad y orden público. Complemento destino	4500
132,12101	Seguridad y orden público. Complemento específico	5500
132,15000	Seguridad y orden público. Complemento productividad	2100
132,16000	Seguridad y orden público. Seguridad Social	5000
231,13000	Asistencia Social Primaria. Básicas	27000
231,16000	Asistencia Social Primaria. Seguridad Social	10000
231,13100	Asistencia Social Primaria. Básicas laboral temporal	20000
920,12000	Administración general. Básicas	27000
920,16000	Administración xeral. Seguridad Social.	13000
920,12100	Administración xeral. Complemento destino	5000
920,12101	Administración xeral. Complemento específico.	5000
	TOTAL.....	
 146.000	
PARTIDAS QUE RECIBEN CREDITO	C O N C E P T O	IMPORTE
161,61900	Abastecimiento domiciliario de auga. Inversión en reposición de infraestructuras	146000
	TOTAL.....	
146.000	

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

7º.-MOCIÓN

Non se presentou ningunha moción no presente Pleno.

8º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE ANA ISABEL FACHAL FRAGUELA (EXPDTE 2023/X998/000009).



Visto o ditame da C.I de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento local e Turismo de data 07/02/2023.

Visto o escrito presentado en data 27/01/2023 pola concelleira Ana Isabel Fachal Fraguela renunciando á súa condición de concelleira do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 15 de xuño de 2019, ao ser proclamada electa coa candidatura presentada polo Partido Socialista de Galicia, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

O Pleno corporativo, por unanimidade do seus membros:

ACORDA:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Ana Isabel Fachal Fraguela con DNI 76409275D, en data 27/01/2023 á súa condición de concelleira do Concello de Cariño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

SEGUNDO: Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte.

O Alcalde agradece o traballo feito por esta concelleira non soamente en esta lexislatura senón tamén en outras anteriores, agradécelle o seu esforzo e a súa adicación comprometida co Concello de Cariño e cos compañeiros, xa que é unha boa compañeira.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Carlos Castro formula as seguintes **PREGUNTAS:**

1.- En que data se agarda rematar a obra do cruce de Landoi?

O Alcalde resposta que as obras se pararon por mor das choivas, para que os terreos asentasen coa maquinaria pesada, e que se agarda que volvan a comezar coa primavera.

2.- Hai algunha maneira de que o Concello de Cariño poida intervir nas protestas da zona da Mariña polo tramo de vía de alta capacidade?

O Alcalde explica que no ano 2016 no salón de Plenos que se levou a cabo unha xuntanza onde estiveron presentes a Conselleira, o Director Xeral e os Alcaldes da Mariña, e que naquel momento se aprobou facer unha comisión de seguemento da obra, composta por un membro da cada partido político. Indica que esa comisión que nunca se xuntou e que houbo unha ocasión na que os Alcaldes da comarca entraron na Consellería para que os recibisen, polo tema do tren e da estrada. Que a conselleira os informou de forma verbal en diferentes ocasións que querían facer primeiro a variante de Viveiro, xa que é onde máis atraso hai. Engade que se fixo unha proposta buscando unha solución rápida dende Escourido ata Area, por fóra do porto. E que isto leva así dous ou tres anos, que cre que non hai vontade política pero que esa é a súa sensación persoal xa que os últimos dous treitos foron licitados no ano 2019, e que a partir de ahí quedou paralizado durante anos. Que o segundo estudo existente era o de San Sadurniño ata a gasoleira de Moeche, pero que nunca se expropiou nada, que o proxecto caducou e que a día de hoxe non se adecua á Lei de Estradas, e que a Xunta parece que está para modificalo. Insiste en que posiblemente haxa que mobilizarse de novo.

Carlos Castro apoia a mobilización, xa que é unha boa cousa para toda a zona.



3.- Lamenta o nivel informativo do Concello polo tema da auga, cre que o equipo de goberno pretendía non crear alarma, pero que creou máis alarma a falta de información, que esa é a súa sensación.

O Alcalde comenta que no penúltimo bando que se pediron disculpas á poboación que asume en primeira persoa, que non se pretendía ocultar nada senón que lles descolocou moitísimo a reversión da situación, xa que daban por feito que se ía controlar. Explica que os resultados malos que chegan o día da cabalgata de Reis, e que tiveron que pensar en como enfrontarse á situación e que encargaron un estudo a unha empresa. Di que a empresa tardou tres días en vir, e que en dous tiveron o estudo, e que nese intre, deixou de lado a comunicación, insiste que non era por ocultar nada, senón pola obcecación en buscar solucións. Di que a comunicación que puido ser mellor e que o asume como responsabilidade súa.

Carlos Castro comenta que no último pleno falou de facer un protocolo de emerxencias.

O Alcalde di que comparte ese plantexamento, que o outro día, revisando o impacto que ten a aplicación do teléfono, que viron que había máis de 2000 persoas subscritas á mensaxería. Que nos bandos que subiron ás redes sociais que algúns acadaron as 4000 visualizacións, pero cre que sempre vai a quedar xente sen acceder a esa información.

Carlos Castro comenta que lle parece interesante abrir un debate para buscar unha solución idónea.

O Alcalde dille que tamén se pode aprender de outros Concellos a ver que fan.

José Luís Pérez Pérez formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Pregunta se se fixo algunha concesión no recibo da auga.

O Alcalde explica que se falou coa Intervención municipal e que non se pode, xa que hai unha taxa nova da Xunta de Galicia para as depuradoras, e despois a taxa co Concello da auga e lixo, e que non se pode quitar gasto da auga, xa que se se puidese dicir que se baixa un mes a auga potable, que se quitaría soamente un euro, dos catro totais, e a xente pensaría que se lle está a tomar o pelo. Que non se pode detraer porque hai un contador coa lei na man, e legalmente non se pode detraer ese gasto xa que está cuantificado polo contador, e que a xente pagou polo consumo que fixo aínda que non puidera beber a auga.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e tres minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo.- José M. Alonso Pumar

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

Asinado dixitalmente